

## **NOTA ACLARATORIA SOBRE CAUSAS DE EXCLUSIÓN**

O incumprimento dos artigos 3º e 7.6 (do que se relaciona a continuación o seu contido) da convocatoria de axudas para a participación en actividades de campamento e campos de traballo dará lugar á exclusión do solicitante.

**ART.3.A)** Ter residencia habitual fóra de Galicia.

**ART.3.B)** Ter nacido en Galicia ou ser descendente de galego ata o segundo grao de consanguinidade.

**ART.3.C)** Ter nacionalidade española.

**ART.3.D)** Atoparse vinculado con calquera concello galego no censo electoral de residentes ausentes, para aqueles solicitantes que teñan 18 ou máis anos.

**ART.3.E)** Ter unha idade entre 14 e 22 anos, a 30 de xuño de 2009, para os participantes en actividades de campamento.

**ART.3.F)** Ter unha idade entre 18 e 30 anos, a 30 de xuño de 2009, para os participantes en campos de traballo.

**ART.3.G)** No caso dos solicitantes de actividades de campamento, non ter participado en edicións anteriores deste programa.

**ART.3.H)** No caso dos solicitantes de campos de traballo, non ter participado en edicións anteriores na modalidade de campos de traballo.

**ART.3.I)** Non contar a unidade económica familiar con ingresos superiores, en renda per cápita, a 2.5 veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente, de referencia para 2009, do país de residencia do solicitante e os solicitantes residentes en Cuba, os ingresos non poderán ser superiores á prestación económica por anciandade establecida polo Estado español para o 2009.

**ART.7.6.-** Os participantes en campos de traballo en 2008 non poderán solicitar actividades de campamentos.